

Lérez en Xoán Manuel Pintos: unha guía textual

Xosé Abilleira Sanmartín

A modo de preliminar

Pretendemos, a partir da lectura da obra de Xoán Manuel Pintos (Pontevedra 1811- Vigo 1876), establecer unha pequena guía sobre a presenza de Lérez nalgúns textos seus. Non hai que indicar, por evidentes, a necesaria contextualización do autor nas coordenadas de espazo e tempo e a importancia máiuscula que como precursor do Rexurdimento ten. Tampouco, a dimensión que presenta a súa literatura como “apoloxía xeral de Galiza e alegato patriótico”, en certas palabras de Carvalho Calero sobre *A gaita gallega*, superando miradas localistas e reivindicando o propio país plenamente. O noso autor, que residiu boa parte da súa vida no Burgo, pon ao servizo desta tarefa dignificadora a súa formación cultural humanística, clásica e xurídica, describindo e denunciando a marxinação e as inxustizas que se daban a todos os niveis. Por iso, o seu valor soe ser cualificado como “fundacional” da nosa literatura contemporánea.

É preciso destacar que, no 2011, canda o 2º centenario do seu nacemento, o Concello de Pontevedra conmemorou o “Ano Pintos” con múltiples actos e con notorio éxito. De aí sobresaíron o “Congreso Xoán Manuel Pintos. Actualidade e compromiso” do que se publicarían as correspondentes actas, e o roteiro Pintos, tamén publicado. Estes materiais impresos, sen dúbida, marcan un antes e un despois nos estudos referidos ao noso escritor. Remitimos á bibliografía básica do final e á súa lectura para asuntos de marco histórico, aspectos políticos, culturais e literarios, sociolingüísticos, etc.



Xoán_Manuel_Pintos ramón vives ayne

Do mesmo xeito destaco a edición d’*A gaita gallega* por Carme Hermida (no sucesivo AGG) e a da *Obra Poética Dispersa* a cargo de M^a Carme Ríos Panisse (citaremos OPD), xunto con cadansúa análise e lectura, estudos de onde proceden as referencias textuais do presente traballo.

LÉREZ EN PINTOS

Este labor de introducirmos na presenza de Lérez no noso autor, é dicir, nos seus textos, require, obviamente, un coñecemento completo da súa obra. Da súa lectura propoñemos, a tal fin, unha escolma establecendo tres apartados: o primeiro, referencias e mencións varias a Lérez e a aspectos concretos del; o segundo, o tratamento do clásico “locus amoenus”; e o terceiro, a súa mirada literaria sobre o asunto da “ruína”, derivado do tamén tópico “ubi sunt”.

Referencias, mencións concretas

Aquí podemos situar diversas citas onde se sinalan algunhas entidades, particularidades ou aspectos da parroquia.

Así, cítase o río Lérez á hora de interpretar o topónimo: “...río Lérez, que foi Leron/por nome grego...” (AGG, F.6, p.393), versionando o verso do *Carmen patrium* de Hermenexildo Amoedo que Pintos edita previamente: “*Quod Leron esse volunt alii de nomine Grajo*” (F.4, p.277). Igualmente se recolle mención do río Rons: “río Elva” (AGG F.4, p.255; F.5, p.374).

Algo similar acontece co mundo da relixiosidade vinculada a Lérez, sobranceando o rexistro e invocacións a San Bieito: “*S. Benitiño*” (AGG Foliada1, p.101), “*¡Meu glorioso San Bieito!*” (AGG F.2, p.132).

Non faltan referencias máis ou menos explícitas a persoas e lugares: “*Ana do Cimbelo*” (AGG F.2, p.119), “*Aquel Jacobo de Lérez/fillo de Luis do Cerro*” (AGG F.2, p.123), “*Vinde gentes de Alba e Lérez/de Salcedo e Lourizán,/ de Marcón e mais de Jeve,/de Marín e de Tirán*” (AGG F.5, p.364), “*Polo Burgo, na Santiña,/no Socorro ó redor/de Lérez pola veiguiña/anda a xente paradiña/te escuitando, reiseñor*” (“O reiseñor”, OPD, 156ss).

Mesmo teñen na obra aparición os encontros festeiros, as merendas, parrandas, conmemoracións: “*Esta tarde unha merenda/teremos farta e comprida/en Lérez, que é boa terra,/ que din a carabuñiña*” (“Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea”, OPD, 2147ss, citando logo algunhas tabernas na Ferreira, a de Mariana ou Marica...), tamén posteriormente no v. 3684; ou “*Levádelle frores e mirtos e palmas,/teceille a coroa con verde lourel;/decille que este ano as máis ricas cireixas/que nazan*”

en *Lérez serán para el*” (“Meting en Lérez”, OPD, 25ss, poema ofrecido a Méndez Núñez ao regresar logo da batalla de El Callao).

O “locus amoenus” da Fillagosa

Aquí constatamos, unha vez máis, o coñecemento e a utilización que Pintos fai dos recursos da literatura e retórica grecolatina. Nótese que o uso, neste caso, dun dos tópicos literarios máis divulgados, o do “locus amoenus”, o “lugar ameno”, lévanos a un lugar fisicamente existente e próximo, coñecido e concreto: a Fillagosa. Sérvelle para pintar literariamente un cadro cheo de bucolismo e, asemade, ofrecernos unha visión ou concepción consistente na idealización da propia natureza, o seu engado: a sedución dunha paisaxe, cos seus ingredientes cromáticos, sonoros, ambientais, que atrae absolutamente. Esta visión enaltecendor dáse mesmo respecto á contorna do río. Lemos, como mostra inicial, a sublimación da escena:

*“No outeiro que garima o manso Lérez,
regazo de Pomona e máis de Flora,
paraíso de alegrías,
óense mil regaladas harmonías
ó despuntar a aurora.
¡Aquel fresco ruído que arma o río,
rizando branca espuma nas correntes
das augas transparentes!
¡Os peixiños brincando polas beiras!
¡Nos ares mil cantores
desdobrando de prumas mil bandeiras
de bonitos colores! (...)”*

(“Alborada”, AGG, F.2, p.146-7)

Mais é, en especial a Fillagosa, a que presenta, neste sentido, un sobresaínte poderío poético. Recordemos que Pintos, a través de Pedro Lucas, o tamborileiro, louva a Sarmiento por “ensalzar y ennoblecer todo lo perteneciente a Galicia y con especialidad a Pontevedra” (AGG,

F.7, p.423-4). Atando o fío a este eloxio, posteriormente, en AGG, F.7, p.427-8, recolle as palabras de Sarmiento procedentes dunha carta deste ao seu irmán Javier, “inserta en el núm. 2 de la revista de Galicia, publicada en Santiago en 1850...” (un texto tamén recollido por Pensado na *Colección de voces y frases gallegas*, Universidade de Salamanca, 1970, p.189, onde se fai alusión á etimoloxía de Fillagosa, recorrendo ao termo latino “filix, filicis”, “fento”): “Unos 300 pasos antes de llegar al río Lérez, al pie del Monasterio, hay una cataratilla, o por mejor decir una natural cascada, que hace el arroyuelo de la Fillagosa al precipitarse en el Lérez de muy alto por la ladera que mira al sol de medio día. El que hubiere leído la descripción que Aliano hace del Paraíso ó Thempe de Thesalia creará que habla de aquella ladera dicha, por la varia natural y cumplida amenidad del sitio y por la variedad de frutos, aves, peces, frutales, y árboles, casi ignotos, que con las aguas del río y de la ría hacen aquel parage el más delicioso que he visto”.

O Aliano ao que se refire corresponde, loxicamente, a Claudio Eliano, escritor romano en grego de finais do

século II, no contexto do movemento da denominada Segunda Sofística, de tanta importancia cultural e literaria no mundo antigo. En efecto, no terceiro libro da súa obra *Poikile Historia*, traducida como *Varia Historia*, describe o val do Tempe e o río Peneo que o atravesaba, un cadro idílico que se convertiu en modelo afamado de “locus amoenus”. No texto de Eliano di que o lugar encantaba, de tan fermoso: unha maravilla de “amenos lugares” que resultaba “un espectáculo para a vista” (en grego “*ophthalmôn panégyris*”). Tamén recrea, el que foi denominado “*de lingua de mel*” (“*melíGLOSSOS*”), a dozura que brindan os paxaros cos seus cantos e cores, as árbores e a súa vistoridade, e afirma que todos os regatos e ríos que ían dar a el (“*syrréousi*”) facían grande o Peneo. Eis, por todo isto, a conexión estética coa estampa que Sarmiento e Pintos evocan dende a Fillagosa.

Tamén na égloga “Xacinto e Catriña” (OPD, 417ss), recóllese a pequena ferverza, humanizada, como lugar que, sumándose á natural amenidade e agrado, fai de cómplice da personaxe, a xeito dunha terapia



Ferverza atopo zagala

consoladora. Di Catriña: “Aquí da Fillagosa/na mimosiña freixa,/de cote a miña queixa/a desfogar virei”.

Ou logo, no poema “A Pontevedra” (OPD, 22ss), de 1858, tradución dun orixinal francés que asina, co mesmo título, Ch.T. na cidade d’A Coruña, escribe Pintos: “Ademiro esa campiña/ que o Lérez, baixo o mosteiro,/perguiceiro,/parez que a deixa a pesar;/copa d’auga que retrata/frorestas na faz de prata/que as pombas van a bicar...”

A Fillagosa, nesa liña marcada literariamente do ilustrado ao precursor, Sarmiento a Pintos, foi como sabemos un referente sobranceiro ben conectado na posteridade cos poetas pontevedreses. Lembremos que aquí, segundo nos di Valentín Paz Andrade, neste “souto de piñeiral (...) en bancos de pedra ao pé dunha mesa do mesmo material, xuntábanse a cotío con Juan Bautista Andrade, os poetas novos de Pontevedra. Amado Carballo, Vidal Martínez, Casal del Rey, Xosé Sesto... Con discontinuidade maior, Díaz Herrera, Viñas Calvo e algún outro, residente ou pasaxeiro” (Faro de Vigo, 5-IX-1980). Como sinalamos nalgunha ocasión, aquí “acudían a parolar sobre os novos enfoques da arte, nos que o goce espiritual da natureza, o intimismo e a saudade, a estética hilozoísta, tinguida dun marcado franciscanismo, eran temas de conversa” (“Cosmos e ronsel de Xoán Vidal Martínez”, A Nosa Terra: 1161, 28). Ata a prensa fíxose eco do lugar, da súa dimensión literaria e cultural, ben sexa en relación coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra que lembra cunha placa a Sarmiento (La Correspondencia Gallega, 12-VII-1897), ben sexa, de forma precisa, en conexión coa vida e obra de Juan Bautista Andrade, con propiedade no lugar. Sinalemos, así, a modo de exemplos, a descrición que un tal J.M.P.A. fai do sitio: “pinar encantado, en donde, arrullado por mil sonares, brotaron estos versos”,

referíndose ao poeta lerezán vinteún anos despois de ter morto” (La noche, nº 9436, 7-IX-1951), ou, cinco anos despois, as verbas de Javier Vieira Durán, tamén de recordatorio: “en los silencios rumorosos de su plácido retiro de La Fillagosa, en las perfumadas florestas del Lérez, donde bebió su rica inspiración, y recogió, por así decirlo, todo el aroma de Galicia” (Spes, nº 259, outubro 1956).

O tópico da ruína aplicado ao mosteiro

Como sabemos, este segundo motivo presenta unha conexión co “tempus fugit” e, á vez, unha variante no sentido de constatar un estado de desolación, e, con ela, a conciencia de soidade produto do deterioro inexorábel das realidades, do existente. En relación con Lérez, lemos en Pintos textos onde este motivo se refire ao seu mosteiro en perda. O tratamento literario deriva de feitos obxectivos, da propia situación, en canto a proceso de degradación e estrago agravado coa desamortización de comezos do XIX e a exclatración e abandono subsecuente. Remitimos á lectura correspondente a este asunto na magnífica *Historia de Lérez*, editada por Cedofeita e patrocinada polo Concello de Pontevedra. Observemos o que recollen as seguintes mostras do noso autor. Unhas veces, a ruína manifestase na soidade: “Do cume que remata en campanario/lle ajudaron con cántico bendito/no mosteiro que agora é solitario/rezando no breviario/os frades do piadoso S. Benito” (AGG “Alborada” F.2, p.147). Outras, a aflición do autor rexístrase claramente en nota ao texto de Amoedo, que reproduce: “Hac schola Grammaticae turbae sua signa ferebat,/ quando nempe die postrema scholastica lucet./Me. Benedicte, tui Monaci domus alma Lerenses*/ Alliciunt, templum, tum me cella allicit omnis,/collis ubi viridis muros habitare

verendos/mens fuerat defixa diu mihi pectore quondam (...)”. *Comenta Pintos con pesar: “Da dolor ver como se cae a pedazos aquel edificio, ahora silencioso, el cual por su situación pudiera llamarse de las delicias o el mirador del Paraíso” (AGG, F.4, p.278). Nótase o contraste entre o texto enxalzador do xesuíta e a nota entristecida do bieito, un pasado de certa atracción e un presente duro, negativo e arruinado.

Aínda así, resulta de moita maior entidade, cuantitativa e de calidade, en relación con isto que estamos sinalando verbo do tópico da ruína, a égloga de “Antonio e Margarida”, publicada no primeiro número de *El País* o 30 de agosto de 1857 e recollida en OPD. En síntese, trata dunha conversa organizada en estanzas e, dende o verso 280, oitaviñas heptasílabas entre os dous personaxes diante das ruínas do convento, logo de teren perdido o fillo. Nesas circunstancias, Antonio quere persuadir a Margarida para cambiar de lares e írense a morar a Mourente, onde “hai pastos mui vizosos”. Esta rexeita a petición, pois o seu anhelado é seguir a vivir en Lérez, o seu sitio amado. Son significativos na composición os seguintes versos en boca de Antonio: “Fuxamos, miña vida, deste outeiro/fuxamos sin tardar,/ non podo ver diante ese mosteiro/coas pedras a abalar” (v.5ss). Máis adiante, en 49ss, tamén é Antonio quen reflicte coas súas verbas un trazo estrutural usual no motivo da ruína: a contraposición entre un pasado bo e un presente negativo; e, con iso, a secuencia retórica de “*laudatio*” e “*lamentatio*” correspondentes, como elementos constitutivos e ordenadores deste peculiar tratamento do “Ubi sunt”. A fugacidade do tempo, inevitábel, evidénciase nas ruínas contempladas, incluídas as sentidas animicamente, as experimentadas na psique dos personaxes. O emocional incide. Hai interrogacións e

exclamacións que exteriorizan o sufrimento real de Antonio pola aniquilación do contemplado. Unha recreación do “*tempus edax rerum*” de Ovidio: “¿Non fire a túa alma a soledade,/o triste acabamento/que leva no beiral da eternidade/a morte do convento?/¡A súa vida, amor, a súa riqueza,/ que para todos era,/agora en hedras vemos e maleza! ¡Quen antes llo dixerá! ¡Repara esas solainas sin vidreiras,/ sin portas nin balcón! ¡Sin tellas no tellado, sin madeiras/en tanta habitación! ¡Abertas as paredes regañadas/se ven por esa altura! ¡Os ollos se magoan coas miradas/de tanta desventura!”. E a conclusión máis acaída non pode ser outra que, baseado en Horacio, o verso “*A fouzaña do tempo varre todo...*”. Antonio e Margarida senten igual a situación, choran, ao veren os “ferrollos” en que todo rematou (v.99). Están ante un “*cadro de tristura*” (v.105). O protagonista insiste na constante exhortación á amada: “*Deixemos deste río as súas beiras/ que choren tantos males,/non vendo polo souto, campo e leiras, maestros, colexiais. ¡Non vendo nas ventanas tan vistosas/os monxes rezadores/e en vez do Paraíso as brancas rosas,/estrugas e delores!*”... (v.117ss).

Vemos, pois, un eco aínda limpo (incluso Margarida pronuncia explicitamente “*cupizosas cotarelas*”, v. 13) do “*Superbi colli, e voi sacre ruine*” de B. de Castiglione e da versión de “*Sacrez costaux, et vous saintes ruines*” de du Bellay, os referentes máis notorios do motivo da “ruína”, tan feraz na literatura posterior, de xeito especial na barroca. Mais aquí Pintos de xeito singular ofrece un desenlace rechamante. A obviedade da ruína constatada e expresada por Antonio (“*ese convento volto en par-diñeiro*”, v.127) non é, ao cabo, capaz de crebar o plan, fixo, inalterábel, de Margarida de permanecer no seu lugar de nacemento e vida, tamén para cando toque morrer: “*Aquí*

nacín e quero a miña cova/ter unda a de meus pais;/ non hai tesouro algún que me remova/de aquí fóra xamais. ¡Primeiro se verá fuxir do río/ó monte seco o peixe/e pastar polos matos de bravo/ que o meu lariño deixe”... (v.137ss). A súa fortaleza invencible, a contumacia absoluta que expresa (“*non pasémola banda .../a gloria que aquí temos*”) convence finalmente a Antonio, mesmo dando a volta ao ton da composición, que acaba cunha atmosfera contraria á debuxada ata entón, con predominio agora dunha visión máis optimista e esperanzada (completamos: “*Non pasémo-la banda,/e pois a Dios debemos/a gloria que aquí temos/no á deixemos de man,/pidámoslle que alegre/conserva a nosa alma/e que nos garde a palma/dos que con el están. ¡Ai carrapucheiriña!/de aquí non nos iremos/e xuntos viviremos/en sosegada unión*” (v.249ss.). Unha certa confianza e o manexo doutro tópico moi frecuente, tamén de orixe clásica, “a roda da fortuna”, poñen remate ao poema.

Basten estas poucas mostras a xeito de breve guía da presenza de Lérez en Pintos, e tamén de incitación á lectura tanto da magna obra deste pontevedrés precursor principal das nosas letras, como, en xeral, da nosa literatura, das nosas autoras e autores que, como galegas e galegos, nos enriquecen e iluminan.



A gaita gallega (portada facsímile)

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- Historia de Lérez. Unha ollada desde Cedofeita.* Asociación Sociocultural Cedofeita. Concello de Pontevedra, 2021.
- Carme Hermida: *A gaita gallega.* Xerais, 2002.
- M^a.C. Ríos Panisse: *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar.* Consello da Cultura Galega, 2006.
- R.Carvalho Calero: *Historia da literatura galega contemporánea.* Galaxia, 1981.
- Actas do “*Congreso Xoán Manuel Pintos. Actualidade e Compromiso*”. Concello de Pontevedra, 2011.
- Xosé Abilleira, Ana Acuña: *Roteiro Xoán Manuel Pintos.* Concello de Pontevedra, 2011.
- X. Abilleira, A. Acuña: “Paseo físico e textual pola Pontevedra de Xoán Manuel Pintos”, 2010, en *Revista de investigación en educación*, Vol. 8, n^o 1, p.73-82.
- X. Abilleira: *150 Aniversario da publicación “A gaita gallega” de Xoán Manuel Pintos (1853-2003)*, Concello de Pontevedra, 2003.
- X. Abilleira: *Carmen Patrium sive Pontevedra. Canto á miña terra, ou sea Pontevedra. P. Hermenxildo Amoedo Carballo e a tradución libre de Xoán Manuel Pintos,* Casal de Edicións, Pontevedra, 1993.